



PRORROGA DOS CONTRATOS DE PDI LABORAL ASINADOS SEGUNDO O PROCEDIMENTO PARA CUBRIR TEMPORALMENTE NECESIDADES DOCENTES (APROBADO NO CONSELLO DE GOBERNO DO 30 DE XUÑO DE 2006)

Aprobado en Consello de Goberno do 27 de maio de 2014

O Procedemento para cubrir temporalmente necesidades docentes (aprobado no consello de goberno do 30 de xuño de 2006) establece no punto terceiro que "A duración dos contratos efectuados por este procedemento non poderá ser superior á do curso académico no que se efectúe a contratación, con excepción dos contratos que substitúan docencia de profesores en situacións con dereito a reserva de posto (maternidade, incapacidade temporal, comisións de servizos, servizos especiais...), que se extinguirán cando se reincorpore o traballador substituído. Non obstante o anterior, a finalización dun contrato nunca poderá ser posterior á data en que remate o contrato da persoa á que se substitúe".

Ante as limitacións actuais que para convocar prazas de profesorado universitario establecen as leis de orzamentos, a Universidade da Coruña establece as seguintes normas para a prorroga dos contratos do profesorado contratado ao amparo do Procedemento para cubrir temporalmente necesidades docentes (aprobado no consello de goberno do 30 de xuño de 2006):

1. Os contratos efectuados por este procedemento que substitúan docencia de profesores en situacións con dereito a reserva de posto (maternidade, incapacidade temporal, comisións de servizos, servizos especiais...), o seu contrato se extinguirá cando se reincorpore o/a traballador/a substituído/a, sempre que se manteñan as necesidades docentes na área de coñecemento. Non obstante o anterior, a finalización dun contrato nunca poderá ser posterior á data en que remate o contrato da persoa á que se substitúe.
2. Ao profesorado que durante o curso 2013/14 fose contratado debido as necesidades docentes da área de coñecemento, e sempre que se manteña esta mesma causa durante o curso académico 2014/15, poderáselle renovar por un curso académico o seu contrato laboral.
3. Destas renovacións darase conta aos representantes dos traballadores.

A Coruña 27 de maio de 2014

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento
composto de 1 páxina numerada e selada, foi aprobado
polo Consello de Goberno na súa sesión de data 27 de maio de 2014

O secretario xeral

Asdo. Carlos Amoedo Souto